
MEMORIA DA UNIDADE DE IGUALDADE 2014-2015

Un fito importante no ano 2014 para a Universidade de Vigo foi a aprobación do seu *Protocolo marco de actuación para a prevención e sanción do acoso sexual e por razón de sexo* poñendo así os medios adecuados para consolidar un entorno no que se respecte a dignidade de todas as persoas integrantes da súa comunidade e para non tolerar ningún tipo de comportamento de acoso sexual ou por razón de sexo dentro do seu ámbito.

O *I Plan de igualdade entre mulleres e homes da Universidade de Vigo* rematou a súa vixencia no ano 2014 polo que o primeiro semestre de 2015 dedicouse especialmente a elaborar o seu informe de avaliación. Foi un traballo exhaustivo de recollida e tratamento de información que concluíu cun informe de resultados e serviu ademais para achegarnos a unha diagnose da igualdade de xénero na institución amosando as debilidades e fortalezas neste campo. O informe pode ser consultado neste enderezo:

http://www.uvigo.es/uvigo_gl/administracion/igualdade/plan/

Este informe de avaliación foi acompañado por un *Informe de datos da composición de mulleres e homes da Universidade de Vigo 2009/14* que consistiu nunha actualización de datos cuantitativos xerais da composición da institución dende unha perspectiva de xénero e que pode ser consultado no mesmo enderezo.

Amais disto, A Unidade de Igualdade continuou durante o curso 2013-2014 coas iniciativas que estaba levando a cabo dende anos anteriores para avanzar na igualdade real de oportunidades entre as mulleres e os homes da comunidade universitaria.

Xornadas de investigación

O 5 de xuño de 2015 tivo lugar en Pontevedra a «III Xornada Universitaria Galega en Xénero» XUGeX organizada polas tres universidades galegas e na que participou persoal docente e investigador de todas elas á que asistiron 81 persoas, 67 mulleres e 14 homes. A Universidade de Vigo foi a anfitriona desta edición na que se presentaron 39 comunicacións-póster organizadas en 3 mesas cada unha delas coordinada por unha das universidades. A mesa de Vigo foi titulada «Xénero e desenvolvemento sostible» e nela participaron as docentes María

Álvarez Lires e Azucena Arias Correa da Universidade de Vigo, María Xosé Rodríguez Galdo da de Santiago de Compostela e María Concepción Carreiro Otero da Universidade da Coruña. A lección inaugural foi impartida por Verania Chao Rebolledo, especialista en medio ambiente e cambio climático do Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento. Equipo de xénero

Acto institucional do 8 de marzo

O día 8 de marzo, «Día Internacional das Mulleres» realizouse o acto institucional da Universidade de Vigo no que o reitor fixo entrega do terceiro premio *uviguala* que lle foi concedido a María Teresa Díaz Álvarez, Raquel Iglesias Domínguez e David Basalo Domínguez promotoras do programa de conciliación Campus Camp. No mesmo acto, a profesora María Álvarez Lires presentou o *Informe análise das traxectorias profesionais de mulleres da Universidade de Vigo* e a alumna Raquel López Gutiérrez leu o manifesto do alumnado.

Axudas convocadas pola Unidade de Igualdade

Para o ano académico 2014-2015 a Unidade de Igualdade levou a cabo, a través das súas convocatorias de axudas, as seguintes actividades para impulsar a perspectiva de xénero na docencia e sensibilizar en materia de igualdade en colaboración con toda a comunidade universitaria:

Primeiro cuadrimestre:

- Xornada «Igualdade de xénero e poder de decisión na empresa»
- Xornada «NÓS-OUTRAS: Comportamentos tradutivos »
- Ciclo de performance «Políticas de performance no espazo urbano. Arte contra a violencia machista»
- «Xornada sobre igualdade e violencia de xénero»
- Xornada «Violencia simbólica: intervencións dende a cultura»

Segundo cuadrimestre:

- Xornada: «Cooperativismo e igualdade de xénero» Folleto
- Ciclo de cine: «Glocalización e xénero»
- Ciclo de conferencias-obradoiro: «Unha mirada de xénero»
- Conferencia Laura Lojo Rodríguez
- Xornadas internacionais «Muller e dereito»
- Xornada «A importancia da interpretación na loita contra a trata»
- Mesa redonda: «Mulleres xestoras na industria en Galicia e Portugal»

Actividade de sensibilización contra a violencia de xénero

En torno ao 25 de novembro «Día internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres», realizouse na Biblioteca Central de Ourense unha *flash-mob* deseñada e coordinada por Lésbicas Creando afondando na idea de que a violencia de xénero é un problema social que debe ser combatido dende ese ámbito. Nela participaron alumnas, profesoras e persoal de administración e servizos da Universidade de Vigo coa intervención en directo de Habelas Hainas.

Actividades de visibilización

A Unidade de Igualdade ten como unha das súas prioridades contribuír á visibilizar as manifestacións artísticas das mulleres e a súa incursión na sociedade da contorna máis próxima así como reconecer á ciencia feita por mulleres. Por iso, patrocinou as seguintes actividades:

- O programa de apoio á creación feminina «Alt.procrea en feminino» no Festival de Teatro Alternativo de Vigo que tivo lugar entre o 9 e o 15 de marzo de 2015 en diversos escenarios da cidade de Vigo. As creadoras que participan neste proxecto son Ana F. Gouveia, Kirenia C. Martínez Acosta, Mercé de Rande, Olga Cameselle, Ana B. Pérez Enríquez, Ánxela Blanco, Cristina Balboa e Lúa Gándara.
- Colaboración co Festival Sinsal Illa de San Simón para a promoción e visibilización do talento feminino realizado entre os días 25 e 27 de xullo de 2015.

- Edición do calendario para o ano 2015 «A ciencia ten nome de muller» do que se fixeron 200 copias e do que hai unha versión descargable na web da Unidade de Igualdade.

Un ano máis e coa mesma orientación, levouse a cabo o «IV Proxecto de Visibilización das obras artísticas das alumnas da Facultade de Belas Artes de Pontevedra **ARTISTAS**» que repartiu máis de 30.000 postais de balde entre toda a comunidade universitaria.

Ao igual cá o ano anterior o proxecto conseguiu entrar nos dous centros de arte contemporánea de referencia en Galicia, o Museo de Arte Contemporánea de Vigo (MARCO) e o Centro de Arte Galega Contemporánea en Santiago (CGAC).

Actividades de formación

Durante este ano académico a Unidade de Igualdade organizou en colaboración co Servizo de Persoal de Administración e Servizos as seguintes actividades formativas:

- «Acción formativa para xefaturas de servizo e administracións de centros: Prevención e sanción do acoso sexual e por razón de sexo»
- «Traballar en espazos de igualdade »
- «Estratexias para liderar en feminino: igualdade na toma de decisións. Diversificar os liderados para transformar a autoridade en confianza»

Amais, dentro do Programa de formación permanente do profesorado en colaboración coa Área de Formación e Innovación Educativa, organizáronse os seguintes cursos:

- «Claves para unha docencia sen nesgos de xénero» (Campus Vigo)
- «Formación en linguaxe inclusiva para o persoal docente e investigador» (3 edicións)

Por último, impartíuse unha formación de 4 horas para a prevención e sanción do acoso sexual e por razón de sexo ás persoas que ocupan os cargos de direccións de departamentos e centros e de enlaces de igualdade.

Recursos para impulsar a perspectiva de xénero

Na páxina web da Unidade está dispoñible o *Bibliografía básica de xénero e teoría feminista* editada no ano 2015 e a *Guía de apoio para introducir a perspectiva de xénero na docencia da Universidade de Vigo* publicada no último trimestre do ano 2014.

Premios

Na súa terceira edición, o primeiro premio de creación de materiais e recursos docentes con perspectiva de xénero ANTONIA FERRÍN MOREIRAS foi concedido ao traballo *Reconstruíndo o dereito dende a perspectiva de xénero: materiais para a igualdade* e o accésit ao traballo *Xénero e sexualidade no mundo: unha viaxe transcultural*.

No último trimestre do ano 2014 convocáronse por primeira vez os Premios EGERIA de introdución da perspectiva de xénero nos traballos de fin de grao e de máster á que se presentaron máis de 30 traballos. Os gañadores foron:

Primeiro premio de traballos de fin de Máster: *Traducción para voces superpuestas de The Punk Singer: consideraciones sobre traducción, estudios de género e interseccionalidad*

Accésit: *Échale huevos*

Primeiro premio de traballos de fin de Grao: *Un análisis de la segregación ocupacional por género en España*.

Accésit: *Aceptación dos mitos do amor romántico*

Participación en encontros, xornadas e seminarios

A Unidade de Igualdade participou nas seguintes reunións científicas durante o curso 2014-15:

-«8th European Conference on Gender Equality in Higher Education» realizada os días 3, 4 e 5 de setembro de 2014 en Viena.

-«VIII Encuentro estatal de las Unidades de Igualdad de las universidades públicas españolas» realizado en Salamanca os días 7 e 8 de maio de 2015.